

## TOCA CALAR

-Mi madre, ¿dónde está meu irmán?, chegou 'o de aí e toca formar.

-Eu que sei, busca o ti.

-Dígalle que eu vou preparando as cousas.

Cunha vella xesta, gastada de barre-la eira e un bar redolro coa maior parte do trapo queimado sobre do ombro dereito, de cada un os dous irmáns daban voltas ó palleiro. Un dós, un dós,....., oíase en Casansúa.

-¿Que facían os teus fillos, un dós, un dós,.....dándolle voltas ó palleiro?

-Eu que sei, xa sabes como son; sonche cousas 'deí', xa comprendes, 'el' sabe máis que nós.

Dios queira que non volva a guerra, pero seica hai que estar preparados.

(Malditas guerras: o peor delas é que empecen xa que despois, moi malo se non acaban e malo cando acaban, porque os que ganan non saben perdoar e os que perden non saben olvidar).

-Dios te oía, a guerra que non volva, ¡pero darlle voltas ó palleiro!

Eu non entendo desas cousas, eles sonche así e 'el' é o que sabe.

Toca calar.

-Oe tu, o outro día buscando 'o burro' para poñer 'o monumento', botei en falta 'o santiño vello', certo que era pequeno, non moi guapo e case non se usaba, pero tiña o seu aquel.

-Pero deron pro sitio un noviño e moi bonito, con moitos coloriños, o outro mesmo estaba un poco apegullado.

-Si, pero coma este novo hai centos, fanos coma chourizos e atópalos en calquera sitio. O noso era outra cousa, había pouquiños coma é!, se había algún e ademais era 'o noso', e por se fora pouco dixera un home que viña pescar ó río que tiña moito, moísimmo, valor. ¿A ti que che parece?

-Antes de cambiálo, seica consultaron non sei con quen, pero se decidiron 'eles' traer algo novo terían as súas razóns. 'Eles' saben. Eu deso non che entendo.

Toca calar

-Canto me gustaba o campo da festa do San Campio, parecía que fora feito adrede: Aquel cacho para bailar, laniño e de terra areosa, aquel outro empinado para mirar ós que balaban e para ver e escoitar a música, os carballos, os piñeiros, os carros arredor.....; de veras, moito me gustaba!

Non había na redonda outro coma é!, e ó mellor non o había no mundo.

-Pero hai que mellora-las cousas.

-Melloralas si, conserva-las e axeita-las tamén. Desfacelas é outra cousa.

Non tódolos cambios son para mellorar, e non quero poñer exemplos porque, por desgracia, son demasiados.

-Os tempo cambian e algunhas cousas deixan de ser útiles.

-Algunhas, ¿quen decide cales?. Hai moitas maneiras de que algo sexa útil. Eu ben sei que un dos grandes adornos do baile, que o facía máis singular. OS PALCOS, xa non os usaban as bandas nin siquiera as gaitas, nese sentido non eran útiles, pero tiñan outros usos, xogaban neles os nenos, abrigábanse e empoleirábanse os maiores, eran bonitos, armoniosos, tiñan historia e eran "os nosos".

-Pero puxeron un novo

-Mellor non digo nada (quedían as tapas do libro da festa coma testemuñas).

-¿Logo non che gusta o novo?

-Gustar ou non é unha cousa moi subxetiva e condicionada. O que digo é que o conxunto non me gusta nada, as máquinas fan calquera cousa en calquera sitio. Pero hai cousas que fixo a natureza que por singulares, mellor non tocalas, ¡ como á rosa!; hai cousas que fixeron os nosos avós que polo esforzo que lle custaron, pola súa historia, ¡ a pequena historia de cada aldea!, pola súa armonía, por tantas razóns....., mellor non tocalas, coidalas e respetalas.

-Pois os que fixeron o proxecto son xente preparada, eu deso non entendo pero "eles" saben .

Toca calar. E asubiar

*Asubia meu amigo,  
asubia que fai vento,  
tamén asubiaba  
cando era do teu tempo.  
Máis che valera calar  
que darlle couces a vento.*

*Sobre todo agora que o vento é o único dono da terra.  
¡A terra a "nosa terra", non é de ninguén, é do vento.*

**J. Mogo Castelao**

Veciño de San Miguel de Sarandón